



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

Anuncio

Resolucións da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 6 e 30 de novembro de 2023, sobre nomeamentos de persoal eventual que textualmente din o seguinte:

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Visto que no Pleno desta Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 12 de xullo de 2023, aprobouse o Cadro de Persoal Eventual da Entidade; conforme ao disposto polos artigos 104 da lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local e 30 do R.D. 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como polo art. 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Á vista dos informes e da proposta que constan no expediente, procede que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las bases de Réxime Local, resolva:

1º.- Nomear con carácter de persoal eventual, coas condicións sinaladas no acordo plenario citado, con efectividade do día 7 de novembro de 2023, a:

Dona María del Mar Bermúdez Pérez como Asesora Nivel II, adscrita ao Grupo Provincial Socialista.

2º.- O persoal eventual nomeado cesa automaticamente, en todo caso, cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que presten as súas funcións de confianza ou asesoramento.

3º.- O presente nomeamento publicárase no Boletín Oficial da Provincia, ao abeiro do estipulado no artigo 104.3 da LRBRL.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Visto que no Pleno desta Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 12 de xullo de 2023, aprobouse o Cadro de Persoal Eventual da Entidade; conforme ao disposto polos artigos 104 da lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local e 30 do R.D. 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como polo art. 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Á vista dos informes e da proposta que constan no expediente, procede que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las bases de Réxime Local, resolva:

1º.- Nomear con carácter de persoal eventual, coas condicións sinaladas no acordo plenario citado, con efectividade do día 1 de decembro de 2023, a:

- Dona Marina Ramudo Graña como Asesora Nivel III, adscrita ao Grupo Provincial Socialista.

2º.- O persoal eventual nomeado cesa automaticamente, en todo caso, cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que presten as súas funcións de confianza ou asesoramento.

3º.- O presente nomeamento publicárase no Boletín Oficial da Provincia, ao abeiro do estipulado no artigo 104.3 da LRBRL”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.

O que se fai público aos oportunos efectos.

Lugo, a un de outubro de dous mil vinte e catro. **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca.- **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2940

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2024

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste concello, do día 02 de outubro do 2024, o Orzamento xeral, as bases de execución e o cadro de persoal funcionario e laboral para o exercicio económico de 2024, de acordo co previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, expóñese ao público o expediente e a documentación preceptiva por un prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, para os efectos de reclamacións e alegacións.

Conforme o acordo adoptado, o Orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións.No caso de que se presentasen alegacións e/ou reclamacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, segundo o establecido no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Baleira, 3 de outubro do 2024.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2954

BARREIROS

Anuncio

CONVOCATORIA DE APERTURA DA BOLSA DE EMPREGO PARA POSTO DE OPERARIO DE SERVIZO DE AUGAS, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE BARREIROS 2024

Pola Xunta de Goberno Local do 23 de setembro de 2024 aprobanse as bases que rexerán a bolsa de emprego para cubrir posibles vacantes do posto de operario do servizo de augas, como persoal laboral temporal do Concello de Barreiros.

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS HÁBILES (non contan sábados, domingos e festivos) a contar desde o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros- Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases das bolsas: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.gal e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 3 de outubro de 2024.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 2956

O CORGO

Anuncio

Este concello notifica a posibles interesados, que a persoa que se indica a continuación, solicitou autorización de corta de madeira en monte comunal desta entidade local, achegando plano da zona concreta da corta, o que se fai público para que, nun prazo de 15 días hábiles contados a partir da publicación deste edicto no

Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
BEATRIZ LIZ DACAL	POLÍGONO 158 PARCELA 33	AS VARADAS DE VACARIZA

O Corgo, 1 de outubro de 2024.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2941

COSPEITO

Anuncio

En cumprimento do establecido nos artigos 82.3 e 88.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise pública a normativa do Estudo de Detalle na Rúa Curros Enríque, redactado por Estudio Técnico Gallego S.A. aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Cospeito en sesión celebrada, con carácter ordinario, o día 26 de setembro de 2024, que na súa parte dispositiva literalmente ACORDOU:

"[...]**TERCEIRO.**- Aprobar definitivamente o ESTUDIO DE DETALLE NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ, redactado por Estudio Técnico Gallego S.A, actuando como director dos traballos o arquitecto Isidro López Yáñez, Colexiado 2.261 do COAG

CUARTO.- Facultar ao Sr. Alcalde para que realice cantas actuacións sexan necesarias para a eficacia e efectos do citado estudio de detalle.

QUINTO.- Ordenar ao servizos municipais que continúen coa tramitación do expediente para a súa eficacia e efectos, tendo en conta que a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do instrumento aprobado quedan condicionados, de conformidade co establecido no artigo 82 e 88 da LSG, á publicación do acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, á inscrición do instrumento no Rexistro de Ordenación do Territorio e Plan Urbanístico de Galicia, e a publicación do documento que contén a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia, así como, en virtude dos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ao transcurso de quince (15) días hábiles desde a publicación completa do texto no dito Boletín.

Xunto coa publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia, publicarase a referencia á dirección electrónica na que figurará o contido íntegro do plan a disposición do público.

SEXTO.- Practicar notificación persoal do presente acordo a cantos resulten interesados no expediente.

SÉTIMO.- Levantar a suspensión das licenzas nas áreas afectadas por o Estudo de Detalle, acordada no acordo de aprobación inicial.

OITAVO.- Os instrumentos de planeamento son disposicións de carácter xeral, polo que a súa aprobación non é obxecto de recurso en vía administrativa.

De conformidade coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra o mesmo poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nun prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte á publicación do presente acto, que pon fin á vía administrativa, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que consideren conveniente ao seu dereito."

O contido íntegro do documento aprobado poderá consultarse na sede electrónica do Concello de Cospeito no seguinte enlace: <https://concellodecospeito.sedelectronica.es>

Segundo consta no expediente administrativo, remitiuse anuncio da aprobación definitiva ao Diario Oficial de Galicia para a súa publicación e o dito Estudo de detalle foi remitido ao Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia para a súa inscrición.

A continuación detállanse aspectos contidos na memoria do Estudo de Detalle aprobado definitivamente:

9. Descrición e xustificación da proposta

Da análise levada a cabo "in situ" así como dos condicionantes do contorno propónse un reaxuste do trazado de aliñacións que responde ós seguintes obxectivos:

- Recoller o trazado actual viario.
- Adaptar as aliñacións ó parcelario, de xeito que non sexan necesarios procesos de equidistribución para a materialización da edificabilidade.

- Manter en ordenación as edificación que xa o están a día de hoxe.
- Reaxuste das aliñacións mantendo en todo caso unha distancia constante entre estas de 12 m, tal e como fixan as NNSSP vixentes. Non se reduce, polo tanto, a sección de viario con respecto a actualmente aprobada.
- Compensación das superficies dotacionais e edificables de xeito que non se reduza a primeira e se manteña a segunda.

A continuación, explícanse detalladamente o criterio seguido para o fixamento das aliñacións:

- Treito 1, entre a estrada LU-111 e a rúa Daniel Castelao.

Mantemento das aliñación vixentes, sobre todo no contorno das edificacións existentes, cun pequeno xiro no aliñamento na zona norte para entroncar co seguinte treito, ó norte da rúa Daniel Castelao.



- Treito 2. Entre o entronque coa rúa Daniel Castelao e a subida á praza Virxe do Monte.

Neste treito reaxústanse as aliñacións ó trazado do camiño existente de cara a poder materializar a edificabilidade prevista polo planeamento.



- Treito 3. Subida á praza Virxe do Monte en entronque á altura do centro de día.

O reaxuste das aliñacións no treito anterior obriga a reaxustar tamén a subida prevista á praza Virxe do Monte.

A partir de aquí as aliñacións volven a recuperar o trazado previsto nas NNSSP á altura do centro de día.



- O novo trazado obriga a realizar modificacións na distribución das superficies, de xeito que parte da parcela dotacional para zonas verdes e espazos libres queda segregada en dúas zonas por motivo do reaxuste das aliñacións.



10. Análise comparada dos parámetros urbanísticos

O presente estudo de detalle céntrase no reaxuste do trazado de aliñacións de acordo coas previsións das NNSSP nunha sen referencias físicas para poder replantexalas "in situ", baseándose na realidade catastral e no viario existente.

Dende este punto de vista, e tendo en conta que o que se pretende é o mantemento das aliñacións co seu ancho (12 m) e cun reaxuste da súa posición, non se reduce a superficie destinada a viario polas NNSSP. Polo que se cumpre o establecido no artigo 192. Estudos de detalle do Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

A continuación recóllese o cadro comparado coas superficies antes e despois da redacción do estudo de detalle.

	SUP. ACTUAL (m2)	SUP E.D. (m2)	DIFERENCIA (m2)
ORDENANZA UM	17807,70	17551,8	-255,9
DOTACIÓN	2976,19	2978,38	2,19
ESPAZOS LIBRES	6849,39	7101,79	252,4
VIARIO	7721,20	7721,67	0,47
TOTAL	35354,48	35353,64	-0,84

Tal e como se pode apreciar do cadro anterior a superficie de viario mantense e aumenta a de dotación e espazos libres, diminuindo a superficie edificable destinada ordenanza UM, cumpríndose o recollido no RLSG.

Por lo que respecta ó mantemento da edificabilidade, procede calcular esta en función do previsto na ordenanza de aplicación, neste caso a UM, usos mixtos.

Segundo a normativa, fíxanse para a ordenanza UM, unha edificabilidade baseada nunha tipoloxía de mazá pechada con fondo máximo de 12 m e altura de 7 equivalentes a dúas plantas.

A edificabilidade en planta virá dada pola ocupación máxima definida pola liña de fondo paralela á aliñación a unha distancia máxima de 12 m.

Realizadas as comprobacións xenéricas de acordo cos parámetros indicados obtéñense as seguintes máximas ocupacións en planta:

	SUP. ACTUAL (m2)	SUP E.D. (m2)	DIFERENCIA (m2)
ORDENANZA UM	8.174,98	8.170,88	-4,10

Como se pode comprobar, a superficie edificable e ocupada pola edificación non se incrementa tras o reaxuste das aliñacións, polo que se cumpre co establecido no artigo 192. Estudos de detalle do Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

11. Cumprimento da lexislación vivente en materia de accesibilidade

A lexislación vixente está constituída pola lei 10/2014 de 3 de decembro, de accesibilidade, o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados.

As aliñacións fixadas permiten a execución dunha sección viais de 6 m e dúas beirarrúas a ambos lados de 2 m de ancho cada unha máis unha banda de aparcamento. O proxecto de urbanización, atendendo ó presente estudo de detalle cumprirá co disposto na lexislación vixente. En todo caso para a urbanización dos viarios estarase ó disposto nas NNSSP no que non contradiga a lexislación vixente en materia de accesibilidade.

Cospeito, 2 de outubro de 2024.- O Alcalde, Don Armando Castosa Alvariño.

R. 2955

FRIOL

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de setembro de 2024, prestouse aprobación ao expediente de modificación de créditos número 3/2024, (segundo de competencia do Pleno), para créditos extraordinarios e suplemento de créditos, financiados por maiores ingresos sobre os inicialmente previstos, dentro do vixente orzamento municipal, por un importe total de OITENTA MIL EUROS (80.000,00€).

Modifícanse os Capítulos IV e VI do vixente Orzamento.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao Alcalde-Presidente do Concello.

Friol, 2 de outubro de 2024.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2043

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

DECRETO

Expediente núm.: 161/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Administración Electrónica

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

El artículo 41 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre de Régimen Jurídico del Sector Público define la actuación administrativa automatizada como cualquier acto o actuación realizada íntegramente a través de medios electrónicos por una Administración Pública en el marco de un procedimiento administrativo y en la que no haya intervenido de forma directa un empleado público, y que para ello deberá establecerse previamente el órgano competente, para la definición de las especificaciones, programación, mantenimiento, supervisión y control de calidad y, en su caso, auditoría del sistema de información y de su código fuente. Asimismo, se indicará el órgano que debe ser considerado responsable a efectos de impugnación.

El artículo 42 de la misma Ley, bajo la rúbrica de “Sistemas de firma para la actuación administrativa automatizada”, permite a cada Administración Pública determinar los supuestos de utilización de los sistemas de Sello electrónico de Administración Pública y de Código seguro de verificación vinculado a la Administración Pública, permitiéndose en todo caso la comprobación de la integridad del documento mediante el acceso a la sede electrónica correspondiente.

Visto el artículo 19 del Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento de actuación y funcionamiento del sector público por medios electrónicos.

En cumplimiento de las disposiciones citadas, y en uso de las atribuciones que me confieren el artículo 21.1.s) y artículo 70 bis.3 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, RESUELVO:

Vista a proposta de resolución PR/2024/43 de 12 de setembro de 2024.

P.D.Decreto de 21.06.2023- A 1ª Tenente de Alcalde

RESOLUCIÓN

Primero.- Crear los sellos electrónicos del AYUNTAMIENTO DE MONFORTE:

- Sello de Órgano del Ayuntamiento de Monforte de Lemos.
- Sello de Órgano de Secretaría. Con las características siguientes:
 - a) La custodia, titularidad y responsabilidad de la utilización del sello electrónico que se crea mediante esta resolución corresponde al Ayuntamiento de Monforte de Lemos.
 - b) Las características técnicas generales del sistema de firma y certificado aplicable son las derivadas del Esquema Nacional de Interoperabilidad que debe constar en la Declaración de Prácticas de Certificación aprobadas por el prestador de servicios de certificación que corresponda.
 - c) La verificación de la validez y comprobación de la situación de no revocación del certificado podrá realizarse a través de la web del prestador del servicio de certificación especificada en la Sede electrónica del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, cuya dirección web es:
 - a. La verificación del documento firmado con sello de órgano, podrá realizarse en la Sede electrónica del Ayuntamiento Monforte de Lemos, cuya dirección web es: <https://monfortedemos.sedelectronica.es/>

Segundo.- Aprobar las siguientes actuaciones administrativas automatizadas en el ámbito de los sistemas de información en los que participe este Ayuntamiento:

- Expedición de los recibos acreditativos de la recepción de los documentos electrónicos presentados en el registro electrónico.
- Generación y emisión de copias auténticas.
- Cod. Validación: 45KY33J6GSRNMAAYQMSRNY9R4
- Justificantes de rechazos y acuses de lectura de notificaciones electrónicas.

- Certificados de publicaciones en el tablón de anuncios.
- Grabaciones y certificados de videoconferencias y videoactas.
- Volantes y certificados de empadronamiento.
- Notificaciones y comunicaciones automatizadas.
- Certificados automatizados.
- Documentos de actas automatizados.

Tercero.- Los órganos competentes en relación con las actuaciones administrativas automatizadas del apartado anterior, serán los siguientes:

- a. Para la definición de las especificaciones o detalle del procedimiento de creación y emisión del certificado: Secretaría
- b. A efectos de impugnación: Alcaldía

Cuarto.- En los procesos de tramitación automatizada se utilizará el Sello Electrónico del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, así como el Sello de órgano de Secretaría, conteniendo ambos el Código Seguro de Verificación vinculado a esa Administración Pública.

Quinto.- El presente Decreto será publicado en el Boletín Oficial de Lugo a los efectos previstos del artículo 45.1 a) de la Ley 39/2015, de 1 de Octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Sexto.- Retrotraer los efectos del presente Decreto a fecha 05 de septiembre de 2024, en base al artículo 39.1 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Monforte de Lemos, 12 de septiembre de 2024.- Primera teniente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2886

PANTÓN

Anuncio

CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE UNHA (1) PERSOA TRABALLADORA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO “PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES” A CONTRATAR POLO CONCELLO DE PANTÓN, NO MARCO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 (B.3.- PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO)

Nº POSTOS: 1

CARÁCTER DOS CONTRATOS: Laboral temporal, na modalidade de circunstancias da produción.

DURACIÓN: 6Meses.

TIPO DE XORNADA: Xornada Completa (100%)

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Pantón ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello de Pantón deberá adiantarse por e-mail, copia da instancia dentro do prazo de presentación das solicitudes (emprego@concellodepanton.es). As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Pantón, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

As bases reguladoras do proceso selectivo de referencia poderanse consultar no taboleiro municipal de anuncios do Concello de Pantón e na súa sede electrónica.

Pantón, 2 de outubro de 2024.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2942

RIBADEO*Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 22 de setembro de 2024 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **MAIO-XUÑO 2024**, exponseo público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de 60 días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.

A falta de pago no período voluntario sinaladosuporá a esixencia do canon da auga e coeficiente de vertedura directamente aocontribuíntepola vía de constrinximentopolaconsellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga e coeficiente de vertedurapoderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazodun mes desde que se entenda producida a notificación.

Esta obriga aparece no artigo 49.7 do citado regulamento do canon da auga (Anexo do Decreto 136/2012)

Ribadeo, 23 de setembro de 2024.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2946

SOBER*Anuncio***RESOLUCIÓN****Exp. 331/2024**

Nomeamento de 11 auxiliares de axuda no fogar do Concello de Sober e formación de bolsa de emprego. Proceso estabilización por concurso de méritos.

O 12.06.2024 publícase no BOP de Lugo núm. 135 a convocatoria e bases para a provisión, entre outros, de 11 postos de auxiliar de axuda no fogar do Concello de Sober, incluídas na Oferta de Emprego Público extraordinaria para a estabilización do persoal laboral temporal aprobada en cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

O 24.06.2024 publícase a convocatoria no BOE e iníciase o prazo para presentación de instancias que rematou o 15.07.2024.

Por Resolución nº 2024-0423 do 13.08.2024 apróbanse a listaxes definitivas de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e nomease ao Tribunal de selección, Estas listaxes foron publicadas no BOP nº 191 do 19.08.2024.

O Tribunal de selección reuniuse os días 21.08.2024 e 23.08.2024 para celebrar a fase de concurso consistente na valoración de méritos e logo a proba de galego para aquelas aspirantes que non acreditaran dispor do correspondente certificado de coñecemento do idioma ou título equivalente.

O Tribunal de selección formulou a seguinte proposta de contratación como persoal laboral fixo e de formación da bolsa de emprego para este personal:

Persoal laboral fixo:

Nº Orde	Nome e Apelidos
1	SOFIA ELVIRA FERNANDEZ FERNANDEZ
2	M.ª.CRISTINA VIVIRIDO QUEVEDO
3	MARIA CRISTINA GONZALEZ GARCIA
4	MARIA DOLORES MARTINEZ FERNANDEZ
5	M.ª.ISABEL PEREZ PEREZ
6	ROSANA COUTADO RODRIGUEZ
7	SOFIA PEREIRO PEREZ

8	NOELIA VAZQUEZ CARNERO
9	JOSEFA MARTINEZ FIGUEIRAS
10	LORENA RODRIGUEZ FERNANDEZ
11	MARIA ANGELES MARIÑO GONZALEZ

Bolsa de emprego:

Nº Orde	Nome e Apelidos
1	MILADY ANTONIA ALCANTARA TEJADA
2	LORENA BLANCO SANCHEZ
3	JOSEFINA RAMONA GARCIA DE VELAZQUEZ
4	SOFIA PEREZ MARTINEZ
5	JOSEFA RODRIGUEZ MOA
6	ENEROLISA CASTILLO DE LEON
7	MARIA DEL CARMEN GIL BELLO

As aprobadas achegaron a documentación requirida para o seu nomeamento segundo as bases da convocatoria, agás JOSEFA MARTINEZ FIGUEIRAS, que non achega certificado médico válido.

A aspirante seguinte por orde de puntuación, MILADY ANTONIA ALCANTARA TEJADA, achegou a documentación requirida para o seu nomeamento segundo as bases da convocatoria.

De conformidade coa Base Décima das bases xerais aprobadas que rexen o proceso de estabilización do persoal Auxiliar de Axuda no Fogar do Concello de Sober, procede a anulación das actuacións para aqueles aspirantes que non acheguen a documentación requirida na dita base no prazo concedido a tal efecto.

En atención ao exposto, consonte a proposta do Tribunal de Selección e en aplicación das bases da convocatoria, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Anular o proceso de selección en relación coa aspirante JOSEFA MARTINEZ FIGUEIRAS por non ter achegado a documentación requirida na Base Décima da Convocatoria. A aspirante conservará o tipo de contratación e os dereitos laborais preexistentes ao proceso de estabilización.

SEGUNDO.- Contratar como Auxiliares de Axuda no fogar do Concello de Sober baixo a modalidade de contratación laboral fixa as seguintes aspirantes:

Nº Orde	Nome e Apelidos
1	SOFIA ELVIRA FERNANDEZ FERNANDEZ
2	M.ª.CRISTINA VIVIRIDO QUEVEDO
3	MARIA CRISTINA GONZALEZ GARCIA
4	MARIA DOLORES MARTINEZ FERNANDEZ
5	M.ª.ISABEL PEREZ PEREZ
6	ROSANA COUTADO RODRIGUEZ
7	SOFIA PEREIRO PEREZ
8	NOELIA VAZQUEZ CARNERO
9	LORENA RODRIGUEZ FERNANDEZ
10	MARIA ANGELES MARIÑO GONZALEZ
11	MILADY ANTONIA ALCANTARA TEJADA

TERCEIRO.- Conformar a bolsa de emprego que se indica a seguir:

Nº Orde	Nome e Apelidos
1	LORENA BLANCO SANCHEZ
2	JOSEFINA RAMONA GARCIA DE VELAZQUEZ
3	SOFIA PEREZ MARTINEZ
4	JOSEFA RODRIGUEZ MOA
5	ENEROLISA CASTILLO DE LEON
6	MARIA DEL CARMEN GIL BELLO

CUARTO.- Notificar aos interesados indicándolle o réxime de recursos procedente.

QUINTO.- Ordear a publicación do nomeamento e formación da bolsa de emprego no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no BOP de Lugo, advertindo que a formalización do contrato farase no prazo máximo dun mes desde a publicación no BOP.

SEXTO.- Formalizar o contrato laboral fixo.

SÉTIMO.- Dar conta o pleno na vindeira sesión que se celebre.

OITAVO.- Informar de que contra a presente resolución da Alcaldía poderase interpor, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPAC) e o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de calquera outro.

Sober, 30 de setembro de 2024.- O alcalde, P.A, (27.05.2024), o primeiro tenente de alcalde, Francisco Vázquez Pérez. Dou fe, a secretaria-interventora, Elena González López.

R. 2947

O VALADOURO

Anuncio

AAlcaldesa do Concello de OValadouro en data 10 de setembro de 2024, ditou os seguintes decretos organizativos que se publican en extracto en cumprimento da normativa vixente:

1º Decreto de Alcaldía 502/2024

[...]

PRIMEIRO. Avocar a favor desta Alcaldía con efectos desde o día de firma do presente, as delegacións efectuadas por Decreto de Alcaldía Decreto de Alcaldía 2023/368, a favor de dona María Xosé Barreira Goás; don Alejandro Fernández Reigosa, don Eduardo Chao González e don D. Eliseo Teijeiro Orol pola perda de confianza desta alcaldía no desenrolo das funcións delegadas, tal e como recolle o artigo 43 e 116 do Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como, o artigo 10 da Lei 40/2015, de 01 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

SEGUNDO. A presente avocación conleva o cese na percepción das dedicacións parciais que no seu caso foran autorizadas a favor das áreas delegadas mediante acordo plenario 26 de xullo de 2023 con efectos desde o día de firma do presente, requirindo a dona María Xosé Barreira Goas e don Alejandro Fernández Reigosa a entrega das chaves da casa do concello e demais instalacións municipais cuxa entrega foi autorizada por Decreto de Alcaldía 2023/425.

TERCEIRO. Notificar a presente resolución a favor de dona María Xosé Barreira Goás; don Alejandro Fernández Reigosa, don Eduardo Chao González e don D. Eliseo Teijeiro Orol aos efectos oportunos e de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CUARTO. Do presente Decreto darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincial de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao presente acto.

2º Decreto de Alcaldía 503/2024

[...]

PRIMEIRO. Cesar con efectos desde o día de firma do presente, a dona María Xosé Barreira Goás e don Eduardo Chao González como membros da Xunta de Goberno Local do concello de O Valadouro, con fundamento no disposto no artigo 52 en relación co artigo 46 do Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SEGUNDO. Notificar a presente resolución a dona María Xosé Barreira Goás e don Eduardo Chao González na súa condición de membros da Xunta de Goberno Local cesados, aos efectos oportunos e de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCEIRO. Designar como membro do Xunta de Goberno Local do concello de O Valadouro con efectos desde o día de firma do presente, aos/ás concelleiros/as don José Manuel Lamela Piñeiro e don Senén Alfonso Castro Lorenzo con fundamento no disposto no artigo 52 en relación co artigo 46 do Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entendéndose implicitamente aceptado o cargo se no prazo de tres (3) días non fai ningunha manifestación en contra.

CUARTO. Notificar a presente resolución aos/ás concelleiros/as don José Manuel Lamela Piñeiro, don Senén Alfonso Castro Lorenzo e dona Lorena Díaz Pita na súa condición de novos membros da Xunta de Goberno Local aos efectos oportunos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

QUINTO. Do presente Decreto darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincial de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao presente acto.

3º Decreto de Alcaldía 504/2024

[...]

PRIMEIRO. Cesar con efectos desde o día de firma do presente, a dona María Xosé Barreira Goás e don Eduardo Chao González como primeira e segundo tenente de Alcaldesa do concello de O Valadouro con fundamento no disposto no artigo 46 do Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SEGUNDO. Notificar a presente resolución a dona María Xosé Barreira Goás e don Eduardo Chao González na súa condición de tenentes de alcaldesa cesados, aos efectos oportunos e de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCEIRO. Designar como tenentes de Alcaldesa do concello de O Valadouro con efectos desde o día de firma do presente, aos/ás concelleiros/as que se indican a continuación, os cales substituirá a esta Alcaldesa na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a esta para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións da Alcaldesa nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde tal e como recolle o artigo 47.1 do Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entendéndose implicitamente aceptado o cargo se no prazo de tres (3) días non fai ningunha manifestación en contra, ou fai uso do seu cargo.

Primeiro Tenente de Alcaldesa - José Manuel Lamela Piñeiro,

Segundo Tenente de Alcaldesa - Senén Alfonso Castro Lorenzo.

CUARTO. Notificar a presente resolución a don José Manuel Lamela Piñeiro, así como, a don Senén Alfonso Castro Lorenzo na súa condición de tenentes de alcaldesa nomeados aos efectos oportunos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

QUINTO. Do presente Decreto darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincial de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao presente acto.

O Valadouro, 2 de outubro de 2024.- O Alcalde, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 2948

Anuncio

O Alcalde do Concello de O Valadouro en data 24 de setembro de 2024, ditou os seguintes decretos organizativos que se publican en extracto en cumprimento da normativa vixente:

1º Decreto de Alcaldía 527/2024

[...]

PRIMEIRO. Designar como tenentes de Alcalde do concello de O Valadouro con efectos desde o día de firma do presente, aos/ás concelleiros/as que se indican a continuación, os cales substituirá a esta Alcalde na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a esta para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde tal e como recolle o artigo 47.1 do Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entendéndose implicitamente aceptado o cargo se no prazo de tres (3) días non fai ningunha manifestación en contra, ou fai uso do seu cargo.

Primeiro Tenente de Alcalde – Senén Alfonso Castro Lorenzo

Segundo Tenente de Alcalde – Lorena Díaz Pita

SEGUNDO. Notificar a presente resolución a don Senén Alfonso Castro Lorenzo, así como, a dona Lorena Díaz Pita na súa condición de tenentes de alcalde nomeados aos efectos oportunos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCEIRO. Do presente Decreto darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincial de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao presente acto.

2º Decreto de Alcaldía 528/2024

[...]

PRIMEIRO. Designar como membro do Xunta de Goberno Local do concello de O Valadouro con efectos desde o día de firma do presente xunto ao Alcalde, aos/ás concelleiros/as don Senén Alfonso Castro Lorenzo, dona Lorena Díaz Pita e dona Ana Isabel Rubal Balseiro con fundamento no disposto no artigo 52 en relación co artigo 46 do Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entendéndose implicitamente aceptado o cargo se no prazo de tres (3) días non fai ningunha manifestación en contra.

SEGUNDO. Notificar a presente resolución aos/ás concelleiros/as don Senén Alfonso Castro Lorenzo, dona Lorena Díaz Pita e dona Ana Isabel Rubal Balseiro na súa condición de novos membros da Xunta de Goberno Local aos efectos oportunos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCEIRO. Do presente Decreto darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincial de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao presente acto.

3º Decreto de Alcaldía 529/2024 y 530/2024 de corrección de errores.

[...]

PRIMEIRO: Efectuar a favor dos membros que a continuación se relacionan una delegación xeral de atribución de xestión, incluída a proposta de resolución dos asuntos das súas respectivas áreas de actuación e respecto dos campos de actuación que, se recollen a continuación:

Concelleiro/a: Senén Alfonso Castro Lorenzo

Área de obras, urbanismo e medio rural

- Área de obras: Xestión da Brigada de obras, vías e obras, reparacións, mantemento, conservación e limpeza, alumado público, acceso a núcleos rurais e urbanos, rede natura e análogas Obras de competencia propia, subministracións e equipamentos precisos para a xestión da Concellería Delegada
- Área de urbanismo: Xestión para o impulso e coordinación da política urbanística local nas fases de planeamento, xestión, intervención e control da legalidade urbanística.
- Área de Medio Rural: Atención e promoción do Medio rural, Xestión Brigadas Incendios, pistas forestais, relación coas industrias forestais, xestión de biomasa, relacións coas Mancomunidades Veciñais de Montes en man común e análogas

Concelleiro/a: Lorena Díaz Pita.**Área de Cultura, normalización lingüística e conciliación**

- Área de Cultura e Normalización Lingüística: Fomento e promoción cultural, promoción do Patrimonio cultural, Festas populares e Feiras e Mercados .
- Área de Conciliación: Xestión de conciliación: madrugadores, actividades extraescolares e análogas.

Concelleiro/a: Ana Isabel Rubal Balseiro**Área de educación, deportes, igualdade da muller e xuventude**

- Área de Educación e Deporte: Xestión das instalacións deportivas, fomento e promoción do deporte, escolas deportivas, piscina e análogos. Centros educativos, escola infantil, axudas ao transporte.
- Área de Igualdade da muller: Xestión das políticas locais de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, así como, integración.
- Área de Xuventude: Xestión das políticas locais de xuventude e mocidade

Alcaldía:

A Alcaldía conservará o resto das competencias non delegadas, e en todo caso, a potestade resolutiva en todas elas, ao non ser delegada a dita facultade resolutiva.

SEGUNDO: De conformidade co disposto no artigo 44 de Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , aprobado por RD2568/1986, de 28 de novembro, estas delegacións terán efecto dende o día seguinte á súa firma e serán de carácter indefinido, sen prexuízo da potestade de avocación da Alcaldía.

TERCEIRO: No caso de ausencia, vacante, enfermidade ou impedimento dos Concelleiros Delegados, a Alcaldía asumirá directa e automaticamente as competencias delegadas, sen necesidade dunha nova Resolución.

CUARTO: Notificar a presente resolución aos nomeados, que se aceptará tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, e así mesmo na sede electrónica deste Concello.

O Valadouro, 2 de outubro de 2024.- O Alcalde, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 2949

XOVE**Anuncio****Nomeamento de Funcionario/a de Carreira resultante do proceso de estabilización de emprego convocado polo Concello de Xove para unha praza Educadora Social.**

De conformidade co establecido na base 13ª das Bases reguladoras que rexerán, no marco dos procesos de estabilización da disposición adicional 6ª da lei 20/2021, o proceso selectivo excepcional para o ingreso como funcionario de carreira de una (1) praza de Educador/a social, polo sistema de concurso, acceso libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de Xove para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización (BOP Lugo núm. 108, do 12 de maio de 2022), mediante resolución da alcaldía de fecha 01.10.2024 acordouse nomear funcionaria de carreira do Concello de Xove, o seguinte aspirante:

Identidade do Aspirante	DNI	Tipo	Praza
María Cristina Escourido Rapa	****526**	Funcionaria de Carreira	Educadora Social

A toma de posesión da persoa incluída na resolución da persoa titular da Alcaldía para cubrir a praza convocada efectuarase no prazo máximo dun (1) mes desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

Xove, 2 de outubro de 2024.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2951

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – LUGO

Anuncio

BASES XERAIS REGULADORAS DA SUBVENCIÓN POR INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS-TRABALLADORES DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO ARQUIVALUGO

BDNS (Identif.): 788489

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/788489>)

Artigo 1. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea

1. Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empleabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro dual de emprego “ArquivaLugo”, número de expediente: 27/ 07/ 2023 cofinanciados a través da convocatoria 2023 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, pertencente á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

2. A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses.

3. A xornada da contratación temporal será a tempo completo.

4. A ocupación a desenvolver deberá estar relacionada coa formación impartida no Obradoiro dual de emprego, segundo os seguintes perfís laborais:

Cualificación profesional

Ocupacións relacionadas

- Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos (ADGG0508)

Operadores/as-gravadores/as de datos en computador.

Auxiliar de oficina.

Auxiliar de arquivo.

Operador/a documental.

Auxiliar de dixitalización.

- Confección e publicación de páxinas web (IFCD0110)

Desarrollador de páxinas web.

Mantedor de páxinas web.

- Deseño de produtos gráficos (ARGG0110)

Deseñador gráfico.

Grafista

Maquetista.

Arte finalista

5. A contratación laboral deberá comezar nos quince días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego ArquivaLugo, sendo a data de finalización deste o 23 de novembro 2024.

Artigo 2. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no Obradoiro dual de emprego, para en concreto cos certificados de Profesionalidade de “OPERACIÓNS DE GRAVACIÓN E TRATAMENTO DE DATOS E DOCUMENTOS (ADGG0508)”, “CONFECCIÓN E PUBLICACIÓN DE PÁXINAS WEB (IFCD0110)” e “DESEÑO DE PRODUTOS GRÁFICOS (ARGG0110)”, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Lugo.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, correspóndanlle á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas ás Administracións Públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso salvo que nel adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei Concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente

e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.g) Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ou a Lei Xeral Tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incurso nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei Orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de Infraccións e Sancións na orde social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitante de non estar incurso nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable.

Artigo 3. Contía dos incentivos

1. Os contratos temporais incentivaránse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

2. O número máximo de incentivos que se poderán conceder é de 16 en total, segundo a seguinte distribución:

Cualificación profesional

Número máximo de incentivos

Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos (ADGG0508): 8

Confección e publicación de páxinas web (IFCD0110): 6

Deseño de produtos gráficos (ARGG0110): 2

3. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

4. Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederáse a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

Artigo 4. Contía total e crédito orzamentario

A contía total consignada destinada a estes incentivos para o exercicio orzamentario de 2024, ascende á cantidade de 24.000 euros, que se imputarán con cargo á partida presupostaria 24102.48100 do vixente ornameto municipal.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Artigo 5. Exclusiones

Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

2. Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artigo 6. Prazos e solicitudes

1. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Entenderáse como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo entenderáse que o prazo finaliza o último día do mes.

2. Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC), deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Lugo, no enlace <https://www.lugo.gal/portal/>.

3. Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Lugo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos.

4. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia cotexada ou comparada:

a) Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.

b) Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria, incluída no anexo.

c) Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda, incluída no anexo.

d) Certificados de non ter débedas coa Axencia Española de Administración Tributaria (AEAT), coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (ATRIGA) e coa Seguridade Social. O Concello de Lugo comprobará de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co mesmo.

e) Certificación bancaria do número de conta.

5. Asimesmo publicaranse as presentes Bases na páxina web do Concello de Lugo (www.concellodelugo.gal), debendo inxerirse igualmente no Taboleiro de Anuncios municipal (www.lugo.gal).

Artigo 7. Xustificación e pagamento

1. De non achegarse con anterioridade, o pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión.

O prazo do que dispoñen as entidades beneficiarias para xustificar o cumprimento dos requisitos que dan dereito ó cobro da subvención, é nos 15 días seguintes á finalización do periodo mínimo dos tres meses de contratación. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade de este. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

A documentación para presentar é a seguinte:

a) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas Administracións Públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo.

b) Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención, que deberán reunir as condicións establecidas nas presentes bases en canto a ocupación, duración mínima de 3 meses e xornada completa.

c) Documentación xustificativa das altas, e no seu caso baixas, dos traballadores/ as con cargo aos incentivos á contratación, que abranguen un contrato de ao menos 3 meses, a xornada completa.

d) Aos efectos de comprobar que os beneficios establecidos nas contratacións obxecto deste programa non superan, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención, será necesario achegar xunto coa documentación indicada no parágrafo as nóminas, seguros sociais e xustificantes do seu pagamento.

e) Outra documentación xustificativa ou aclaratoria que o concello poidera requirir á empresa/entidade beneficiaria da axuda.

2. Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, así como tamén fronte ao Concello de Lugo, ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

Artigo 8. Obrigacións das entidades beneficiarias

1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no Obradoiro de Emprego, e decir, un posto de traballo directamente relacionado cos certificados de Profesionalidade de "OPERACIÓNS DE GRAVACIÓN E TRATAMENTO DE DATOS E DOCUMENTOS (ADGG0508)", "CONFECCIÓN E PUBLICACIÓN DE PÁXINAS WEB (IFCD0110)" e "DESEÑO DE PRODUTOS GRÁFICOS (ARGG0110)".

2. Manter no seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia ao Concello de Lugo no prazo de sete días hábiles desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no Obradoiro, que non fosen contratadas previamente.

3. Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo extingase por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciron por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.

4. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

5. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigaón, corresponderá á entidade promotora do obradoiro dual de emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Artigo 9. Competencia

O órgano competente para a instrución do procedemento será o Servizo de Desenvolvemento Local, mentres que corresponderá a competencia para a súa resolución ao Tenente de Alcaldesa da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais.

Artigo 10. Procedemento de concesión, instrución e tramitación

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

No caso de que se presenten un maior número de solicitudes de contratación que axudas concedidas, únicamente se atenderá á súa ordenación por rexistro cronolóxico de entrada no Concello de Lugo.

Estes incentivos á contratación temporal por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de mínimos, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.

Artigo 11. Procedemento de selección

1. Unha vez notificada a entidade solicitante a resolución de concesión por parte da persoa titular da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais, o órgano competente para a instrución do procedemento achegará á entidade beneficiaria unha relación de persoas candidatas que rematen a súa participación no obradoiro dual de emprego con resultado de apto, xunto cos seus datos de contacto e curriculum vitae.

2. O proceso de selección será desenvolto polas entidades beneficiarias seguindo criterios de igualdade e obxectividade coa finalidade de procurar a maior adaptación das persoas seleccionadas ás necesidades do posto vacante e aos valores da entidade.

3. Unha vez desenvolto o proceso de selección, e en todo caso sempre antes da contratación, as entidades beneficiarias deberán comunicar ao Servizo de Desenvolvemento Local o candidato seleccionado e o sistema de selección empregado. Para esta comunicación empregárase o modelo incluído nestas bases como anexo 2.

Artigo 12. Resolución e recursos

1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computarán dende a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderáse desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de Subvencións de Galicia.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de cinco días hábiles para a súa aceptación; transcorrido éste sen que se produza manifestación expresa, entenderáse tácitamente aceptada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 13. Incompatibilidades e concorrencia

1. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as Administracións Públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

2. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Artigo 14. Perda do dereito á cobranza da subvención e reintegro

1. Procederá a perda do dereito á cobranza da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos intereses de demora correspondentes dende o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

2. As obrigacións de reintegro establecidas nesta orde, entenderánse sen prexuízo do establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na orde social.

3. Entenderáse que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituíla.

Artigo 15. Devolución voluntaria da subvención

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do taller dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e a denominación da subvención concedida.

Lugo, 2 de outubro de 2024.- Tte. de Alcaldesa da Área de Dinamización Económica e RRII, Mauricio Repetto Morbán.

R. 2952